

Protocolo Comedor Escolar



CPI DOS DICES
ROIS



PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR C.P.I. DOS DICES-ROIS

ÍNDICE :

INTRODUCCIÓN	
REGULAMENTACIÓN ACTUAL DO FUNCIONAMENTO DO COMEDOR	
QUE SE ENTENDE POR SERVIZO DE COMEDOR	
CLASIFICACIÓN COMEDOR	
MODALIDADE DE PRESTACIÓN DO SERVIZO	
PERSOAL DE ATENCIÓN AO SERVIZO E INCOMPATIBILIDADE DE COMETIDOS <ul style="list-style-type: none">• Persoal laboral• Persoal de atención educativa, apoio e vixilancia• Encargado de comedor• Outro persoal de atención ao alumnado• Incompatibilidade de cometidos	
OS MENÚS NO NOSO CENTRO: ESTRUCTURA BÁSICA E OUTRAS CONSIDERACIÓNS <ul style="list-style-type: none">• Frecuencia de consumo dos diferentes pratos• Recomendacións xerais que se terán en conta	
HORARIO	
USUARIOS/AS DO COMEDOR	
CALENDARIO DE FUNCIONAMENTO <ul style="list-style-type: none">• Quen pode ser usuario• Quen ten que presentar a solicitude• Selección e admisión dos usuarios do comedor• Usuarios beneficiarios da redución do 50% da tarifa• Documentación a presentar• Obtención da renda familiar• Contía dos prezos públicos• Pagamento dos prezos públicos• Suxeitos obrigados ao pagamento dos prezos públicos• Usuarios beneficiarios do dereito á gratuidade• Procedemento ordinario de pagamento dos prezos públicos• Consecuencia do impago dos prezos públicos	
FUNCIÓNS SEGUNDO A NORMATIVA VIXENTE <ul style="list-style-type: none">• Persoal de atención educativa, apoio e vixilancia no comedor• Persoal laboral do servizo do comedor	



PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR C.P.I. DOS DICES-ROIS

<ul style="list-style-type: none">• Persoa encargada do servizo do comedor• Directora do centro• Consello Escolar	
OBXECTIVOS	
NORMAS DE FUNCIONAMENTO <ul style="list-style-type: none">• Persoal de cociña• Persoal colaborador• Encargado de comedor• Familias• Alumnado	
FALTAS E CORRECCIÓNS APLICABLES <ul style="list-style-type: none">• Principios xerais das correccións• Faltas leves• Faltas graves• Faltas moi graves• Corrección das faltas leves e sancións (persoal colaborador e encargado)• Corrección das faltas graves e sancións (dirección do centro)• Corrección das faltas moi graves e sancións	
AVALIACIÓN	
ANEXOS <ul style="list-style-type: none">• Solicitud de comedor• Autodeclaración de renda familiar• Libro de incidencias• APPC do comedor CPI dos Dices	



PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR C.P.I. DOS DICES-ROIS

INTRODUCCIÓN

Este protocolo de funcionamento do comedor escolar, segundo a normativa vixente, está elaborado polo encargado/a de comedor, xunto co equipo directivo do centro. Recolle as directrices de organización e funcionamento do servizo de comedor escolar, así como o seu seguimento e avaliación durante o curso escolar por parte do/ a encargado /a e o equipo directivo, que será a que formule propostas de mellora, se é o caso, ante o consello escolar do centro.

Con el preténdese recoller e concretar a regulamentación presente na lexislación vixente, prestando especial atención ao cumprimento do principio de igualdade entre homes e mulleres e será parte integrante do regulamento orgánico do centro.

A referida normativa contempla o comedor escolar como un servizo complementario que, ademais de servir á Administración educativa como factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función compensatoria, social e educativa. Así, o comedor escolar do CPI DOS DICES, ademais de cumprir unha función básica de alimentación e nutrición, está integrado na vida e organización do centro de tal maneira que a súa programación, desenvolvemento e avaliación forman parte da Programación Xeral Anual e da Memoria final de cada curso escolar. Nesta memoria final inclúese o funcionamento do servizo, así como as propostas de mellora

REGULAMENTACIÓN ACTUAL DO FUNCIONAMENTO DO COMEDOR

- DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.

Normativa e medidas de seguranza e hixiene:

- **Real decreto 2207/1995**, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene relativas aos produtos alimenticios.
- **Real decreto 3484/2000**, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio das comidas preparadas.
- **Real decreto 202/2000**, do 11 de febreiro, sobre manipuladores de alimentos.
- **Real Decreto 109/2010**, de 5 de febrero, polol que se modifican diversos reais decretos en materia sanitaria para a súa adaptación á Lei 17/2009, do 23 de novembro,



PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR C.P.I. DOS DICES-ROIS

sobre o libre acceso á actividades de servizos e o seu exercicio e a Lei 25/2009, de 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio.

- **Reglamento CE 852/2004** (aprobado por el Parlamento y el Consejo Europeo el 29 de abril de 2004), que se centraba na principal obligación que teñen as empresas alimentarias de asegurar una correcta supervisión, así como unha formación adecuada dos traballadores en relación á hixiene e ás boas prácticas alimentarias.
- **Instrución 2/2019**, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade E Formación profesional, do 6 de Xuño, sobre Funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2019-2020 .

QUE SE ENTENDE POR SERVICIO DE COMEDOR

Os servizos de xantar e de atención aos usuarios no período de tempo libre anterior e posterior, nos que se fomentarán programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais.

MODALIDADE DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

Segundo o disposto no Decreto 132 /2013 do 1 de agosto polo que se regula o comedor escolar o comedor do CPI dos Dices e un comedor de XESTIÓN DIRECTA polo propio centro, por medio de persoal funcionario, docente ou non, e por persoal laboral, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

CLASIFICACIÓN

É un comedor de **TIPO C**: de 181 a 250 comensais. . (Ten a consideración de comensal aquela persoa que fai uso do servizo do comedor escolar).

Para o curso 2019 -2020 concederomnos os seguintes comensais

Luns	Martes	Mercores	Xoves	Venres	Colaboradoes
290	186	186	186	186	11



PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR C.P.I. DOS DICES-ROIS

PERSOAL DE ATENCIÓN AO SERVIZO E INCOMPATIBILIDADE DE COMETIDOS

Persoal laboral

- 1 oficial 2ª de cociña
- 2 axudantes de cociña

Persoal de atención educativa, apoio e vixilancia

Nas tarefas de atención ao alumnado durante o xantar e no tempo libre anterior e posterior, se o houbese, poden participar nais, pais, titores/as legais do alumnado do centro ou profesorado.

- Educación infantil: 4 Coidadoras
- Educación primaria: 5 Coidadoras
- Educación Secundaria: 2 coidadoras

De superarse a ratio en calquera das etapas aumentaríase o persoal de atención.

→ No caso do alumnado con n.e.e. o/a xefe/a territorial poderá autorizar a ratio en función das circunstancias concretas en cada caso, logo do informe do consello escolar.

→ Este persoal percibe un complemento por servizos extraordinarios que aboará directamente a administración educativa con cargo aos créditos orzamentarios relativos ao funcionamento dos comedores escolares. Na actualidade estano facendo en tres pagos coa correspondente retención fiscal. Anualmente, este importe experimenta o mesmo incremento que as retribucións dos empregados públicos. Para o curso 2019 – 2020 o importe é de 9,39 € /día de quenda.

Encargado/a de comedor

Con carácter preferente a persoa encargada do comedor debería ter a condición de persoal docente do colexio, integrante ou non do equipo directivo.

Neste momento este cargo correspondelle a profesora María Sanmartín Malvárez

→ O encargado e a director/a do centro perciben un complemento por servizos extraordinarios que aboa directamente a administración educativa con cargo aos créditos orzamentarios relativos ao funcionamento dos comedores escolares. Na actualidade estano facendo en tres pagos coa correspondente retención fiscal. Anualmente, este importe experimenta o mesmo incremento que as retribucións dos empregados públicos.



PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR C.P.I. DOS DICES-ROIS

OS MENÚS NO NOSO CENTRO: ESTRUCTURA BÁSICA E OUTRAS CONSIDERACIÓNS

Os menús contarán cun primeiro prato alternante a base de legumes con verdura, variados tipos de verdura con patacas, arroz ou pasta. Un segundo prato alternante a base de carne magra, peixe variado ou ovos, acompañado sempre dun suplemento de ensalada ou gornición de verduras. O postre estará formado a base de lácteos ou froita. Os produtos de pastelería non estarán neste tipo de menús, excepto en ocasións moi especiais.

O menú será igual para todos os comensais. Salvo aqueles alumnos/as que presenten un problema médico e tras presentar certificado médico, faráselle un menú adecuado as súas circunstancias.

En casos excepcionais, cando o colexio non poida facerse cargo dese menú especial, facilitaríase os medios para conservar o menú que aporte a familia.

A dirección do centro fará chegar ao persoal de cociña e ao encargado de comedor copias das certificacións médicas que aporten as familias e será o persoal de cociña o que decida os cambios nos menús dese alumnado. O persoal colaborador controlará para que ningún alumno/a ao seu cargo chegue a tomar alimentos que lle poidan causar danos.

O alumnado con problemas alimentarios situaríanse nunha mesa co seu sitio identificado para que todo o persoal sepa as súas características e evitar alteracións na súa dieta.

A dirección do centro publicará os menús mensuais na páxina web e no taboeiro de entrada ao comedor e o encargado de comedor entregarallos por escrito a aquelas familias que os soliciten.

CALENDARIO DE FUNCIONAMENTO

O período de funcionamento do comedor dependerá do calendario escolar que fixe a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para cada curso e coincidirá co período lectivo sinalado tamén pola Consellería.

		Luns	Martes	Mércores a Venres
INFANTIL E PRIMARIA	Xantar	13:40	13:40	13:40
	Tempo lecer	14:10 a 15:40	14:10 a 15:40	Marcharan para o bus ou para súa casa as 14:40
ESO	Xantar	14:40		
	Tempo lecer	15:15 a 16:40		



PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR C.P.I. DOS DICES-ROIS

USUARIOS/AS DO COMEDOR

(Artigo 4 do Decreto 132/2013, do 1 de agosto).

Quen pode ser usuario:

- Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil dos centros con instalacións de comedor e os dos centros próximos que carezan delas, autorizados expresamente.
- As persoas con responsabilidades na organización do comedor, así como as que colaboren na atención dos alumnos comensais durante os días de desempeño efectivo destas tarefas.
- O persoal de cociña destinado nos centros que imparten os niveis de ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil, durante os días de desempeño efectivo do seu traballo.
- Os coidadores de educación especial dos centros que imparten os niveis de ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil, así como os coidadores, educadores e auxiliares de enfermaría destinados en centros de educación especial, en ambos os casos durante o tempo de desempeño efectivo do seu traballo no comedor escolar.
- O persoal funcionario docente e non docente e o persoal laboral de ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil do centro que solicite o servizo, sempre que existan prazas libres dotadas economicamente e se dispoña de persoal colaborador suficiente para a atención ao alumnado usuario.
- Os auxiliares de conversa e os alumnos en prácticas de ensinanzas de maxisterio ou grao equivalente que soliciten o servizo, sempre que, unha vez asignadas as prazas do comedor aos colectivos anteriormente citados, existan aínda prazas libres dotadas economicamente e se dispoña de persoal colaborador suficiente para a atención ao alumnado usuario.

Para estes efectos, considérase que existen prazas libres no comedor escolar cando existan prazas vacantes dotadas economicamente, medios persoais dedicados ao servizo e que o permita a capacidade física das instalacións.

SOLICITUDE DE PRAZAS PARA O COMEDOR ESCOLAR

As familias do alumnado interesados en ter servizo de comedor deberán presentar a seguinte documentación:

- Solicitud de comedor cuberta, aportando as alegacións que considere oportunas engadindo as certificacións dependeno na situación que se atopa a familia ou o alumnadoo
- Autodeclaración por duplicado en onde realizarán os cálculos que se especifican no



PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR C.P.I. DOS DICES-ROIS

apartado de tarifas de comedor que se atopa máis abaixo.

Estes dós documentos estarán a súa disposición na web do centro apartado de comedor na carta que sea atopa no botón de inicio ou nas oficinas do colexio.

DOCUMENTOS ACREDITATIVOS SOLICITUDE COMEDOR

■ **Alumnado sen servizo transporte ao mediodía.**

* Certificado do padrón municipal onde se especifique os membros da unidade familiar que conviven nel. A data de alta nese domicilio debe ter a antigüedad dun ano.

* O domicilio do lugar de traballo do pai ou nai acreditarase :

a) No caso de persoas que presten servizos retribuídos por conta allea presentarán documento expedido polo empregador/a xunto cunha copia do contrato de traballo e copia dos documentos TC1 e TC2 correspondentes

b) No caso de traballadoras e traballadores por conta propia, mediante a alta censual inicial ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria e modificacións posteriores e altas na Tesourería Xeral da Seguridade Social no rexime correspondente, de habelas.

c) No caso do persoal ao servizo das administracións públicas, mediante unha certificación expedida pola xefatura de persoal correspondente.

■ **Alumnado con situación socioeconómica baixa ou con discapacidade igual ou superior ao 33%**

* Certificados polos servizos sociais municipais.

* Certificado de discapacidade expedido polos organismos competente.

■ **Alumnado de familia numerosa**

* Carné familia numerosa en vigor

■ **Alumnado fillo de pais ou titores legais con incompatibilidade horaria por motivos de traballo co horario de recollida ao mediodía dos seus fillos.**

* Documento expedido polos empregadores , xunto cunha copia dos contratos de traballo, polas altas censuais iniciais ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria e modificacións posteriores e altas na Tesourería Xeral da Seguridade Social no rexime correspondente, de habelas.

* No caso do persoal ao servizo das administracións públicas, mediante unha certificación expedida pola xefatura de persoal correspondente.

* En caso de familia monoparental deberá presentarse fotocopia libro de familia ou fotocopia dol auto o sentenza de nulidade, separación, divorcio o u medidas paterno filiais (o convenio regulador no que se faga referencia a mesma)



PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR C.P.I. DOS DICES-ROIS

- **Outro alumnado do centro**
- **Alumnado de fóra de influencia do centro no primeiro ano**

DATAS PRESENTACIÓN SOLICITUDES :

As solicitudes deberán presentarse nas oficinas do centro nas seguintes datas:

- **Dende o 15 de maio ata o 30 de xuño**

Serán usuarios gratuítos dos comedores escolares:

- Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes.
- Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil que se atopen en situación de acollemento residencial ou familiar.
- Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil cun grao de discapacidade declarado igual ou superior ao 33 %.
- Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero acreditada documentalmente.
- Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000 euros.
- O persoal de cociña durante os días de desempeño efectivo do seu traballo.
- Os coidadores, educadores e auxiliares de enfermaría que, durante o xantar e os períodos de tempo anterior e posterior a ela, atendan os alumnos de educación especial, no tempo de desempeño efectivo do seu traballo no comedor escolar.
- O persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia destinado nos centros de ensino con responsabilidades na organización dos comedores escolares ou no coidado dos alumnos comensais, durante os días de asistencia efectiva ao comedor.
- Os pais, nais, tutores legais e acolledores familiares de alumnos matriculados en ensinanza básica e segundo ciclo de educación infantil que colaboren na atención dos alumnos comensais durante os días en que se desenvolva a súa colaboración efectiva.

TARIFAS DO COMEDOR ESCOLAR:

Pago 0 €	Alumnado con situación socioeconómica baixa ou minusvalía igual ou superior ao 33% necesitado certificado de asuntos sociais.
	Renda anuais inferiores 7.000 €
Pago 1 €	Familias con 1 o 2 menores con ingresos anuais entre 7.000,01 € a 8.000 €
	Familias de 3 menores con ingresos anuais iguais ou maiores a 7.000,01 €



PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR C.P.I. DOS DICES-ROIS

Pago 2,5 €	Familias con 1 o 2 menores con ingresos anuais entre 8.000,01 € a 9.000 €
Pago 4,5 €	Familias con 1 o 2 menores con ingresos anuais a partir de 9000,01 € Familias con domicilio fóra da influencia do centro

Obtención da renda familiar:

Para a obtención do renta familiar aplicarase a seguinte fórmula de sumas e restas das casiñas da renda

$$\text{casiña 435} + \text{casiña 460} - \text{casiña 595}$$

Unha vez calculada a renda familiar dividirase polos membros da unidade familiar para o cálculo da renda per cápita.

Pagamento dos prezos públicos:

- O pagamento do comedor escolar farase mensualmente, nos cinco primeiro días do mes seguinte ao da prestación do servizo.
- O importe a pagar cada mes resultará de multiplicar o prezo que corresponda polo número efectivo de días de uso do comedor escolar. De aí que se deberá comunicar ao centro, cunha antelación mínima dun día, se non se vai facer uso do servizo.

Procedemento ordinario de pagamento dos prezos públicos:

- Na segunda quincena de xuño e nos primeiros días do curso escolar os pais ou titores legais en nome dos alumnos/as, así como outras persoas con dereito á utilización do comedor cubrirán a solicitude definindo as súas características como usuarios e aportando, se é o caso, a documentación necesaria.
- Elaborada polo Consello Escolar a lista de comensais admitidos, cargarase, xunto coas características de cada comensal, na aplicación de pagamento implementada no XADE. Durante os meses seguintes iranse introducindo todas as incidencias ou os cambios producidos en relación cos comensais.
- Os datos dos usuarios serán remitidos ao CIXTEC para que xere cada mes tantos impresos de autoliquidación dos prezos, cubertos na súa totalidade, como usuarios teña o centro. Cada un destes impresos terá o seu propio código de identificación para un posterior seguimento.
- A través do XADE descargaranse os tres impresos para entregar a cada un dos suxeitos pagadores que os asinarán despois de comprobar a súa veracidade.
- O ingreso das cantidades a aboar farase en calquera das entidades de depósito autorizadas pola consellería competente en materia de facenda. Feito isto, cada un dos suxeitos



PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR C.P.I. DOS DICES-ROIS

pagadores quedará co xustificante de “pagamento para o interesado”, presentando no centro, no período de recollida dos impresos do mes seguinte, o xustificante de “pagamento para a administración” debidamente validado pola entidade de depósito.

- Tamén se poderá utilizar a oficina virtual tributaria para facer os pagamentos de xeito telemático, de conformidade cos seus propios requirimentos de execución.

(<http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/confeccion-impresos>)

Consecuencia do impago dos prezos públicos:

- Os incumprimentos no pagamento dos prezos públicos de cada mes impedirán a utilización do comedor escolar nos meses seguintes, mentres non se regularicen estes pagamentos.

FUNCIÓNS SEGUNDO A NORMATIVA VIXENTE

Persoal de atención educativa, apoio e vixilancia no comedor:

- Estar presente físicamente durante a prestación do servizo.
- Cumprir co labor de coidado, atención educativa ao alumnado e apoio ás actividades establecidas de acordo co programa anual.
- Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación da menaxe do comedor.
- Axudar aos alumnos e alumnas que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.
- Informar ao equipo directivo do centro, no modelo estipulado, de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor, para que se poña en coñecemento das familias.
- Atención ao alumnado nos períodos de antes e despois do xantar, basicamente no exercicio e desenvolvemento de actividades programadas para eses períodos, atendendo ás orientacións do encargado do servizo de comedor.
- En razón do carácter educativo do servizo de comedor escolar fomentárase a colaboración do alumnado de ESO, e se fose necesario o alumnado de 6º E.P. sen que iso supoña, a ausencia física ou substitución do persoal habitual encargado da atención no devandito servizo.
- Se ocorrese algún accidente durante a comida, avisar ao encargado de comedor, valorar a situación e informar á familia para que o/a trasladen ao seu domicilio ou a un centro médico.
- No caso de non poder contactar coa familia e se o caso é grave, chamar ao 112 ou ao 061.



PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR C.P.I. DOS DICES-ROIS

- Se o accidente é leve, con ferida superficial, curalo con desinfectante da caixa de urxencias.
- Non administrar medicamentos aos nenos/as do comedor. En casos especiais, poderán vir os pais ou as nais ao centro para dállelos, despois de comunicarllo ao encargado de comedor.
- Controlar que o alumnado usuario do comedor non se ausente sen que o pai ou a nai asine o impreso correspondente e no caso de que sexa outra persoa a que veña recollelo, deberá traer unha autorización escrita do pai, da nai ou dos titores legais.

Persoal laboral do servizo do comedor:

- Elaboración das comidas de acordo co menú aprobado polo consello escolar.
- Elaborar os mesmos menús para todos os comensais e non facer menús diferentes, só nos casos de intolerancias ou alerxias acreditadas con certificacións médicas.
- Recibir as mercadorías e controlar as súas condicións (temperatura, envase, ...). No caso de irregularidades cubrir a ficha correspondente describindo o problema e a acción correctora.
- Cumprimentar as outras fichas de control de puntos críticos establecidas no plan de calidade do comedor (limpeza e desinfección, almacéns, temperaturas, elaboración, renovación de aceites, ...).
- Prohibir a entrada á cociña ás persoas alleas á mesma.
- Dispoñer o almacenamento das materias primas en perfectas condicións.
- Non utilizar este recinto nin o do comedor como lugar de reunión con persoas alleas ao servizo.
- → Os distribuidores de mercadorías utilizarán a porta de acceso directo ao cociña dende o exterior.
- Limitar tamén a entrada ao almacén de víveres (só distribuidores de mercadorías, persoal de cociña e encargado de comedor).
- Pechar o almacén de produtos de limpeza e abri-lo só cando se precise algo.
- Gardar os produtos de limpeza diarios nos espazos propios e non deixalos á vista.
- Comunicar ao encargado de comedor ou á dirección do centro calquera incidencia coas instalacións ou equipos.
- Velar pola calidade e conservación dos alimentos, cumprindo as normas de sanidade e hixiene .
- Limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar, coidando o seu uso e conservación.



PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR

C.P.I. DOS DICES-ROIS

- Colaborar no seguimento dos protocolos de seguridade e hixiene e de riscos laborais.
- Asistir, se é o caso, ás actividades específicas programadas dentro do plan de formación continuada.

Persoa encargada do servizo do comedor:

- Coordinar o plan de actividades que permita o desenvolvemento de aspectos e normas relacionadas co hábito de saber comer, e de relación social no contorno do servizo de comedor escolar.
- Potenciar o desenvolvemento de actividades de lecer e de tempo libre para dinamizar a atención e vixilancia do alumnado usuario.
- Executar as tarefas propias de coordinación e supervisión necesarios para o funcionamento do servizo de comedor.
- Organizar o funcionamento do servizo de comida de mediodía.
- Elaborar a actualización periódica do inventario do equipamento do servizo de comedor e a súa reposición.
- Elevar á dirección do centro propostas sobre control e mellora de menús, así como da distribución do orzamento e control do gasto, a través da comisión do servizo de comedor escolar.

Consello escolar:

- Aprobar dentro da normativa vixente o protocolo de comedor que formará parte do regulamento orgánico do centro.
- Aprobar o proxecto de orzamento de ingresos e gastos do servizo, como parte anual do orzamento do centro e tamén aprobará a xustificación de gastos.
- Decidir sobre a admisión do alumnado usuario, segundo os criterios de prioridade establecidos.
- Aprobar o plan de actividades educativas e recreativas que desenvolverá o alumnado que utilice o comedor.
- Aprobar a creación da comisión do servizo do comedor escolar.
- Aprobar os menús por proposta da comisión do servizo de comedor.
- Propoñer a relación de alumnado beneficiario total ou parcialmente do servizo de comedor escolar, de acordo cos criterios establecidos.

Director/ a do centro:

- Elaborar co equipo directivo, e de acordo coa comisión do servizo de comedor, o protocolo de funcionamento, que formará parte da PXA.



PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR C.P.I. DOS DICES-ROIS

- Dirixir e coordinar o servizo de comedor e designar o persoal que participe nas tarefas de atención ao alumnado.
- Supervisar o correcto funcionamento do comedor.
- Estudar e elaborar o proxecto de orzamento do comedor.
- Autorizar os gastos, e ordenar os pagamentos necesarios.
- Verificar o cobramento das cantidades correspondentes do servizo de comedor aos usuarios del.
- Facer as contratacións de subministración de acordo coa lexislación vixente.
- Coordinar as tarefas do persoal que preste servizos no comedor.
- Presidir a comisión do servizo de comedor escolar.
- Velar polo cumprimento das normas sobre sanidade e hixiene.
- Calquera outra función necesaria para o correcto funcionamento do servizo.

OBXECTIVOS E ACTIVIDADES QUE SE DESENVOLVERÁN

- Conseguir que o alumnado adquira hábitos de hixiene persoal adecuados antes, durante e despois das comidas.
- Fomentar unha actitude positiva do alumnado ante os alimentos que se lle ofrecen, inducéndolles a que os consuman tanto por pracer como polo importante valor nutritivo dos mesmos.
- Educar na adquisición da destreza necesaria para a correcta utilización de cubertos, utensilios e servizos de mesa.
- Inculcar a adopción de actitudes de respecto aos demais, evitando o bulicio e gardando a debida compostura na mesa.
- Interesar ás familias nos beneficios que poidan obterse dunha colaboración conxunta cos Responsables do Comedor, tanto no referido á saúde do/a alumno/a como a súa educación nutricional.
- Espertar nos/as alumnos/as o espírito de cooperación, implicándoos, segundo as súas posibilidades, en tarefas de servizo de Comedor: servir a mesa, retirar o servizo, axuda aos máis pequenos ...
- Fomentar o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia hacha todos los membros da Comunidade Escolar.
- Fomentar o coidado locais, mobiliarios, e utensilios de uso comunitario.
- Planificar actividades de ocio e tempo libre que contribúan ao fomento de hábitos sociais y culturais.



PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR C.P.I. DOS DICES-ROIS

NORMAS DE CONVIVENCIA E FUNCIONAMENTO

O noso comedor consta de servizo lineal da comida na que cada comensal recollerá a súa comida, salvo os de infantil que serán servidos polo alumnado de 6º

Hixiene

- Os alumnos (incluídos os de Ed. Infantil) deberán saber comer por si mesmos, facer uso dos servizos e lavarse as mans.
- Todos os alumnos/as pasarán polos servizos asignados ao respecto para facer as súas necesidades e lavarse as mans antes de acudir ao Comedor. Durante a comida non poderán ir ao servizo a non ser por indisposición ou enfermidade e sempre con permiso da Monitora.
- Non se poderán meter obxectos ao Comedor. As carteiras, libros, abrigos...
- Non está permitida a entrada dos alumnos na cociña.
- Poñerase especial coidado na correcta utilización dos cubertos, así como o uso do pano da mesa.
- Non se pode tirar pan, auga ou restos de comida ao chan nin a outros alumnos/as.
- Despois de comer deberán lavarse as mans, cara, dentes.

Organización e comportamento.

- Estar puntuais na porta do comedor, inmediatamente despois de tocar o timbre correspondente. Agardar en silencio e sen xogar.
- Entrar e saír do comedor de maneira ordenada e tranquila.
- Non erguerse do seu sitio sen permiso.
- Para chamar ao persoal colaborador, levantar a man e esperar a ser atendidos.
- Non se poderá facer uso do servizo de comedor fóra da hora do seu comezo
- Sentarse no sitio que lle foi asignado a cada alumno/a.
- Procurar falar baixo e face-lo menor ruído posible con cadeiras, cubertos, etc.
- Comer de todo en función das necesidades de cada un, respectando a comida e procurando non desperdiciar nada.
- Seguir en todo momento as indicacións do persoal de garda ou do persoal de cociña.
- Os servidores/as velarán pola correcta distribución en condicións de hixiene da comida.
- Os/As servidores/as non deben meter presa ós/ás comensais, e antes de retirar as sopeiras e bandexas preguntarán, mesmo noutras mesas se alguén desexa repetir.

Alimentación:

- Os alumnos deberán adaptarse ao menú establecido, comendo a cantidade que se lles sirva



PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR C.P.I. DOS DICES-ROIS

(segundo a súa idade circunstancias, complexión ...)

- No caso de non poder comer algún tipo de alimento, se deberase aportar un Certificado Médico que o acredite.

Tempo de recreo:

- O alumnado de E. Infantil estarán no seu patio; o resto do alumnado no patio grande.
- Non se pode permanecer nos edificios, nin andar polas clases
- Só se utilizarán os baños de primaria do piso de abaixo
- Non se pode saír do recinto nin para coller o balón, se se nos escapa dirémosllo a o mestre de garda ou ás colaboradoras do comedor.
- Non se pode xogar á pelota no patio cuberto
- Non se pode subir polos terrapléns.
- Non se pode subir polas canastras nin polas porterías.
- Non se pode maltratar as árbores nin colgarse delas.
- Se chove débese permanecer a cuberto. Non andar pola choiva.
- Débese respectar aos máis pequenos/as.
- As fontes son só para beber, non para mollar a ninguén
- Non maltratar as instalacións e mobiliario do patio (papeleiras, porterías, canastras, ascensor)
- Está totalmente prohibido xogar con pedras, landras ou calquera outro obxecto que poida facer dano.
- Non se poden tirar papeis e envoltorios ao chan.
- Cando xurda algún problema debemos avisar inmediatamente ao profesor/a de garda ou ás colaboradoras de comedor.
- Debemos ter en conta que os recreos son para xogar e pasalo ben, non para agredir nin insultar a ninguén.

Normas patio de Educación Infantil

- Para entrar e saír do patio os nenos deben de camiñar con tranquilidade, en fila e sen empurrarse.
- Nos columbios deberán ir de un en un e estar ben sentados.
- Deberán subir polas escaleiras do tobogán, nunca por onde se baixa, e non poderá permanecer detidos arriba de todo interrompendo o paso.
- Non poden tirar area no tellado da casiña.
- Non poden subirse as vaías de madeira, nin saltar por riba.



PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR C.P.I. DOS DICES-ROIS

- A area debe de estar no areeiro, non poden carrexala fora de alí.
- A cancela de subida ás escaleiras debe estar pechada e os nenos non deben de abrila nin pechala.
- En caso de choiva realizarase o recreo de comedor dentro sen entrar nas aulas, en caso grande necesidade irase aos aseos de arriba

Familias:

- Comunicar ao centro as posibles alerxias con certificado médico.
- Comunicar ao encargado do comedor ou á dirección do centro as incidencias que se produzan.
- Avisar ao centro da ausencia do alumno/a, co un mínimo de 1 día, da ausencia do comenal ao comedor .
- Enviar autorización escrita no caso de que alguén os/as recolla.
- Asinar o impreso correspondente cando unha persoa autorizada leve ao alumno durante o xantar.
- Non acceder ás instalacións do comedor a non ser que o persoal colaborador ou o encargado o requiran.
- Aqueles que non teñan dereito á gratuidade, estar ao corrente no pago de cotas e todos os demais, nas aportacións para a mellora de menús.
- As familias que queiran utilizar este servizo, facer as solicitudes nos prazos sinalados e cos documentos que estean establecidos.
- Inculcar aos seus fillos e fillas hábitos alimentarios e maneiras correctas de estar nunha mesa e nun comedor.
- Colaborar co centro no bo funcionamento deste servizo, respectando horarios, normas e organización.

FALTAS E CORRECCIÓNS APLICABLES

Principios xerais das correccións

- Terán carácter educativo e recuperador.
- Deberán garantir o respecto ao dereito dos demais.
- Buscarán a mellora nas relacións.
- Non atentarán contra a integridade física e a dignidade persoal.
- Serán proporcionais á falta cometida.
- No caso de ocasionar danos, intencionadamente ou por negligencia, deberán reparar o dano causado ou facerse cargo do custo económico da reparación.



PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR

C.P.I. DOS DICES-ROIS

- Serán circunstancias atenuantes: o recoñecemento espontáneo da súa conduta incorrecta e a falta de intencionalidade.
- Serán circunstancias agravantes: a premeditación, a reiteración, as ofensas e danos a compañeiros/as de menor idade e aos recién incorporados ao colexio.

Faltas leves

- Accións que non permitan levar a cabo dun xeito normal as actividades do comedor (berrar, poñerse a correr, erguerse sen permiso, sentarse mal, acanearse na cadeira).
 - Desobedecer levemente as indicacións do persoal colaborador.
 - Molestar aos compañeiros/as durante a comida.
 - Tirar restos no comedor, corredores, servizos e patio.
 - Desobedecer as correccións impostas polo persoal colaborador.
 - Faltas de respecto a calquera membro da comunidade educativa.
 - Agresións físicas ou doutro tipo e de carácter leve contra calquera membro da comunidade educativa.
 - Producir pequenos danos nas instalacións do centro ou nos materiais.

Faltas graves

- A repetición de tres faltas leves nun mes e que estean rexistradas no parte de incidencias
- Faltas de respecto a calquera membro da comunidade educativa.
- A desobediencia continua ao persoal do comedor.
- Facer dano adrede ás instalacións do centro e aos materiais.
- Saír do comedor sen permiso do persoal colaborador ou non entrar.
- Erguerse da cadeira e moverse polo comedor.
- Tirar comida ou bebida, intencionadamente, ao pavimento ou a outros compañeiros/as.
- Introducir no comedor obxectos ou produtos non permitidos, que poidan causar dano aos demais.
- Agresións de todo tipo e actos de indisciplina graves contra membros da comunidade educativa.
- Non cumprir reiteradamente as correccións impostas polo persoal colaborador.
- A apropiación indebida de obxectos ou materiais que non lles correspondan.
- Chegar a ter tres faltas leves nun mes.
- Saír do centro sen permiso durante o horario do comedor.
- Desobedecer reiteradamente ao persoal do comedor.
- Calquera outra conduta, dano ou acto inxustificado que afecte gravemente ao tempo do comedor, ás instalacións, ao mobiliario ou a calquera membro da comunidade educativa.



PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR

C.P.I. DOS DICES-ROIS

Corrección das faltas leves e sancións (persoal colaborador e encargado)

- Chamada de atención do persoal colaborador do comedor e sempre utilizando o diálogo. Se fose necesaria unha sanción, cubrirase o parte de incidencias coa sanción imposta.
- Se é reincidente, aviso ao encargado de comedor que impondrá a súa sanción e deixará constancia da mesma.
- No caso de non ser suficientes estas accións, o encargado de comedor pasará a comunicación ao equipo directivo e avisará ás familias para buscar medidas conxuntas.
- No caso de danos intencionados ás instalacións ou materiais avisaranse as familias para reparar o dano ou facerse cargo do custo da reparación.
- Se despois do aviso ás familias, non se corrixe, a falta pasaría a ser grave.
- Realización de tarefas específicas no horario de comedor que poden estar pensadas para reparar o dano causado.
- Separación temporal do grupo e da súa mesa durante eses días e integración noutro ou nunha mesa que estea libre.

Corrección das faltas graves e sancións (dirección do centro, comunicadas ás familias)

- Comunicación inmediata do encargado do comedor á dirección do centro e logo esta ás familias.
- Amoestación por escrito que asinarán os representantes legais do alumno/a.
- Separación da súa mesa de comedor ata unha semana ou permanente, dependendo da falta.
- Realización de tarefas específicas no horario de comedor.
- No caso de danos intencionados ás instalacións ou materiais terán que reparar o dano ou facerse cargo do custo da reparación.
- Suspensión da asistencia ao comedor durante un período non superior a tres días lectivos nos que o alumno/a asista ao comedor.

Corrección das faltas moi graves e sancións

- Calquera das consideradas para as faltas graves.
- Sanción imposta polo consello escolar logo da audiencia a pais/nais e segundo o disposto no RRI.

AVALIACIÓN

O consello escolar manterá un control sobre o funcionamento e desenvolvemento deste servizo a través de informes que se remitirán nas sesións ordinarias do Consello escolar por parte do encargado/a do comedor e da dirección do centro.



PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR C.P.I. DOS DICES-ROIS

ANEXOS

- Solicitud do comedor
- Autodeclaración de renda familiar
- Libro de incidencias
- APPC do comedor CPI dos Dices



15781]Santiago de Compostela

PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR C.P.I. DOS DICES-ROIS

CENTRO EDUCATIVO: CPPI DOS DICES - ROIS

ANEXO II MODELO DE AUTODECLARACIÓN E ESPECIFICACIÓNS

A) RENDA NETA IRPF **2018**:

casiña 435 + casiña 460 – casiña 595 =X

B) MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR INCLUÍDO/S O/S ALUMNO/S PARA O/S

CAL /ES SOLICITA COMEDOR: número de membros =Y

PARENTESCO	DNI	APELIDOS	NOME	DATA NACEMENTO
DECLARANTE				
CÓNXUXE				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				

C) A RENDA NETA PER CÁPITA FAMILIAR = **XY**

D) AUTODECLARACIÓN Marque a casiña seguinte

Aboamento de 0 € por día de servizo

Sea súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se
a t o p a ningún dos supostos previstos a continuación:

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €
Unidades familiares con tres ou máis menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €

Marque a casiña seguinte

Aboamento de 1 € por día de servizo

Sea súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se



PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR C.P.I. DOS DICES-ROIS

a t o p a nalgún dos supostos previstos a continuación:

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita de 7.000,01, a 8.000,0€
Unidades familiares con tres ou máis menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e /ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01€

Marque a casíña seguinte

Aboamento de 2,5 € por día de servizo

Sea súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se a t o p a nalgún dos supostos previstos a continuación:

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil. en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación n f a n t i l . en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €

Marque a casíña seguinte

Aboamento de 4,5 € por día de servizo

Sea súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se a t o p a nalgún dos supostos previstos a continuación:

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación n f a n t i l .	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil. en idade escolar	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €

Declaramos baixo xuramento ser certos os datos consignados e autorizamos á consellería a consultar os datos de carácter persoal, de residencia e de renda que se precisen, a través da Plataforma de Intermediación de Datos e da Axencia Estatal de Administración Tributaria da Administración Xeral do Estado.

.....de.....de 2019

SinaturadoDeclarante:

Sinatura doCónxuxe:

Sinatura dos fillos maiores de idade:



PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR
C.P.I. DOS DICES-ROIS

AUTO CPI DO ROIS DICES ROIS DICES ROIS DICES

CURSO 2012- 2020





PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR
C.P.I. DOS DICES-ROIS

LISTADO PROVEEDORES

PROVEEDOR:			
DIRECCIÓN:			
TELÉFONO:		N.I.F.:	
PERSOA DE CONTACTO			
PRODUTOS:			

PROVEEDOR:			
DIRECCIÓN:			
TELÉFONO:		N.I.F.:	
PERSOA DE CONTACTO			
PRODUTOS:			

PROVEEDOR:			
DIRECCIÓN:			
TELÉFONO:		N.I.F.:	
PERSOA DE CONTATO			
PRODUCTOS:			



PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR
C.P.I. DOS DICES-ROIS
FICHA REVISIÓN XERAL

MES DE: _____

COCIÑA			MEDIDA CORRECTORA
CHANS, PAREDES, FIESTRAS, TEITOS	B	M	
Chans sen grietas ou desconchados e limpos			
Paredes sen grietas ou desconchados e limpos			
Fiestras protexidas e limpas			
Teitos sen grietas, desconchados, manchas ou humidade			
Lámpadas con protección limpas			
SUPERFICIES DE TRABAJO	B	M	MEDIDA CORRECTORA
Encimeras sen grietas ou desconchados e limpos			
Mesas de traballo sen grietas ou desconchados e limpas			
Tallos e taboas de corte en bo estado limpas			
LAVAMANS	B	M	MEDIDA CORRECTORA
Auga quente e fria			
Limpos en bo estado			
Sen obxetos, utensilios ou alimentos			
Con xabón líquido e panos de papel			
Papeleira ou cubo			
EQUIPOS	B	M	MEDIDA CORRECTORA
Campana extractora en bo estado e limpa			
Frexideira en bo estado e limpas			
Pranchas en bo estado e limpas			
Fornos en bo estado e limpos			
Caldeiros de lixo con tapa, bolsa e limpos			
ENXOVAL E UTENSILIOS DE TRABAJO	B	M	MEDIDA CORRECTORA
Tixolas sen gretas ou descascados e limpas			
Potas, cazolas sen gretas ou descascados e limpas			
Coitelos en bo estado e limpos			
Outros utensilios (espumadeiras, culleres, etc.) en bo estado e limpos			

ALMACEN

CHANS, PAREDES, VENTÁS, TEITOS			MEDIDA CORRECTORA
CHANS, PAREDES, VENTÁS, TEITOS	B	M	
Estantes sen óxidos ou deterioracións e limpas			
Chans sen gretas ou deterioracións e limpos			
Paredes sen gretas, manchas ou humedades			
Ventás protexidas e limpas (incluída malla)			



PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR C.P.I. DOS DICES-ROIS

Teitos sen gretas, descascados, manchas ou humidade			
Lámpadas con protección e limpas			
ESTIBA	B	M	MEDIDA CORRECTORA
Ausencia de produtos no chan			
Separación de produtos non alimenticios			
Produtos sen envasar tapados			
Ausencia caducados			
Orde axeitada e ausencia de obxectos estraños			

ZONA DE BARRA	B	M	MEDIDA CORRECTORA
Estado de mantemento e limpeza correctos			
Prancha, parilla en bo estado e limpas			
Dotación axeitada do lavamáns (xabón e papel)			
Pinchos protexidos			
Vitrinas de pinchos e/ou tapas en bo estado e limpas			

COMEDOR	B	M	MEDIDA CORRECTORA
Estado de mantemento e limpeza correctos			
Mobiliario en bo estado			
Vaixela, cubertería en bo estado limpa e protexida			

SERVIZOS HIXIÉNICOS DO PERSOAL	B	M	MEDIDA CORRECTORA
Chans, paredes e teitos en bo estado e limpos			
Sanitarios en bo estado e limpos			
Ausencia olores			
Xabón líquida			
Toallas de papel e/ou secadores aire			
Papeleiras			

HIXIÉNE PERSOAL	B	M	MEDIDA CORRECTORA
Indumentaria de uso exclusivo e limpa			
Calzado axeitado e limpo			
Uso de cubrecabezas			
Non utilizan xoias			
Mans e uñas limpas			
Feridas protexidas (no seu caso)			

Rois a _____ de _____ de 2 _____
Asdo: _____



PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR
C.P.I. DOS DICES-ROIS

FICHA CONTROL DE TEMPERATURAS
MES DE: _____

	Conxelador	Frigorifico	Mesa Quente	Cociña	Comedor
1					
2					
3					
4					
5					
6					
7					
8					
9					
10					
11					
12					
13					
14					
15					
16					
17					
18					
19					
20					
21					
22					
23					
24					
25					
26					
27					
28					
29					
30					
31					

Tª CÁMARA DE REFRIERACIÓN:

- Carnes, pescados: $\leq 4^\circ \text{C}$
- Verduras, lácteos: $\leq 7^\circ \text{C}$
- Comidas: $\leq 4^\circ \text{C}$ (máximo 5 días)
 $\leq 8^\circ \text{C}$ (máximo horas)

Tª DE CONXELACIÓN: $\leq -18^\circ \text{C}$

Tª DE CONSERVACIÓN EN CALIENTE: $\geq 65^\circ \text{C}$

Rois a _____ de _____ 20____

Asdo: _____



FICHA CONTROL DE LIMPEZA

MES DE: _____

DATA	OPERACIÓN REALIZADA	OBSERVACIÓNS

Nota: rexistrar só as operacións LD non rutineiras (limpezas xerais, de teitos, paredes), e as daqueles elementos e/ou equipos especialmente críticos (cámaras frigoríficas, picadoras, etc.).

Rois a: _____ de _____ de 20__



RECEPCIÓN MATERIAS PRIMAS

1. Comprobar documentación
2. Envases e embalaxes intactas e limpas
3. Comprobar etiquetaxe e datas de consumo preferente/caducidade
4. Comprobar aspecto
5. Comprobar temperatura produtos perecedoiros
 - Refrigerados: 5 oC (Tolerancia 2 graos)
 - Congelados: - 18 oC (Tolerancia 4 graos)
6. Comprobar condicións de transporte (estado do vehículo, limpeza, estiba)



PROGRAMA DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN

COCIÑA

Superficies e/ou elementos a limpar	Frecuencia Mínima	Nome Produto	Dosificación	Temperatura auga	Modo emprego
Chans	Diaria	SUMA BAC D- 10	2 TAPÓNS	60°	Fregona
Paredes	Trimestral	SUMA BAC D- 10	2 TAPÓNS	60°	Estropallo + Baeta
Superficies	Diaria	SUMA BAC D- 10	2 TAPÓNS	60°	Estropallo + Baeta
Teitos e lámpadas	Trimestral	SUMA BAC D- 10	2 TAPÓNS	60°	Estropallo + Baeta
Fornos	Mensual	SUMA FORCE D 3.5	2 TAPÓNS	60°	Estropallo + Baeta
Frexideira	Mensual	SUMA FORCE D 3.5	2 TAPÓNS	60°	Estropallo + Baeta
Fogóns, Grellas e pranchas	Diaria	SUMA FORCE D 3.5	2 TAPÓNS	60°	Estropallo + Baeta
Campás extractoras	Mensual	SUMA FORCE D 3.5	2 TAPÓNS	60°	Estropallo + Baeta
Taboas de corte	Diaria	SUMA BAC D- 10	2 TAPÓNS	60°	Estropallo + Baeta
Coitelos	Diaria	SUMA FORCE D 3.5	2 TAPÓNS	60°	Estropallo + Baeta
Cubertas vaixelas	Diaria	SUMA FORCE D 3.5	2 TAPÓNS	60°	Estropallo + Baeta
Caldeiros do lixo	Diaria	SUMA BAC D- 10	2 TAPÓNS	60°	Estropallo + Baeta
Fiestras	Trimestral	SUMA BAC D- 10	2 TAPÓNS	60°	Estropallo + Baeta



PROGRAMA DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN

ALMACÉN

Superficies e/ou elementos a limpar	Frecuencia Mínima	Nome Produto	Dosificación	Temperatura auga	Modo emprego
Chans	Diaria	SUMA BAC D- 10	2 TAPÓNS	60°	Fregona
Paredes	Trimestral	SUMA BAC D- 10	2 TAPÓNS	60°	Estropallo + Baeta
Estantes	Trimestral	SUMA BAC D- 10	2 TAPÓNS	60°	Estropallo + Baeta
Teitos e lámpadas	Trimestral	SUMA BAC D- 10	2 TAPÓNS	60°	Estropallo + Baeta

SERVIZOS HIXIÉNICOS

Superficies e/ou elementos a limpar	Frecuencia Mínima	Nome Produto	Dosificación	Temperatura auga	Modo emprego
Chans	Diaria	SUMA BAC D- 10	2 TAPÓNS	60°	Fregona
Paredes	Trimestral	SUMA BAC D- 10	2 TAPÓNS	60°	Estropallo + Baeta
Sanitarios	Diaria	SUMA BAC D- 10	2 TAPÓNS	60°	Estropallo + Baeta
Teitos e lámpadas	Trimestral	SUMA BAC D- 10	2 TAPÓNS	60°	Estropallo + Baeta

COMEDOR E ZONA DE BARRA

Superficies e/ou elementos a limpar	Frecuencia Mínima	Nome Produto	Dosificación	Temperatura auga	Modo emprego
Chans	Diaria	SUMA BAC D- 10	2 TAPÓNS	60°	Fregona
Paredes	Trimestral	SUMA BAC D- 10	2 TAPÓNS	60°	Estropallo + Baeta
Estantes	Trimestral	SUMA BAC D- 10	2 TAPÓNS	60°	Estropallo + Baeta
Teitos e lámpadas	Trimestral	SUMA BAC D- 10	2 TAPÓNS	60°	Estropallo + Baeta

Superficies	Diaria	SUMA BAC D- 10	2 TAPÓN	60°	Estropallo + Baeta
-------------	--------	----------------	---------	-----	--------------------

CURSO 2019 - 2020

CADERNO DE INCIDENCIAS

COMEDOR



